

A ESCOLA DA VIDA

Co amor non basta

19.02.2011**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Dicía Bruno Bettelheim que co amor non basta para educar un fillo. Referíase este educador psicoanalista a que amar un fillo é importante, pero tamén o é que lle dean outras moitas cousas, como poden ser os valores, as normas e a disciplina para que co tempo consiga acometer todos os procesos que implica vivir acorde coa cultura da súa sociedade na que lle vai ser necesario integrarse.

Ser pais supón unha aprendizaxe constante que supón bos e malos momentos. Momentos duros e momentos de alegría, pero sobre todo a responsabilidade de obrar en cada momento con criterios razoables. Por iso, cando aparecen persoas que suxiren restricións extremas para a educación dos fillos alármannos. Este foi o caso de Amy Chua, unha nai a quen se lle ocorreu ventilar publicamente nun libro as súas razóns sobre a educación dos seus fillos. O pretendido manual leva por título *Himno de batalla da nai tigre*. O de batalla parece que hai que interpretalo ao pé da letra, pois ela propón que cos fillos hai que actúa baixo unha disciplina extrema coaccionándoos en todo o que para o neno na nosa cultura é algo natural como os xogos, estar cos amigos, poder ver a televisión, xogar na computadora ou participar nas obras de teatro do colexio.

As exixencias desta nai non quedan aí, tamén quere que non baixen do sobresaliente, que toquen exclusivameente o piano ou o violín, pois segundo a súa falaz teoría son os únicos que forxan o seu carácter. Curiosamente, era profesora de Dereito na Universidade de Yale, pero nunca non debeu chegar ao tema dos dereitos da infancia.

O feito de que algúns países orientais puntúen alto nos informes educativos internacionais grazas ás súas estritas normas de comportamento e educación leva a que algúns vexan as propostas de Amy Chua como razoables, pero a alienación destas sociedades quizais sexa tamén debida a esta educación restritiva dos valores persoais, o que para os occidentais é algo totalmente absurdo e mesmo superado.

Isto lévanos a unha conclusión palmaria: en educación os extremos nunca son bos. Non se pode avogar nin pola educación espartana desta nai tigre nin pola excesiva permisividade baseada exclusivamente no afecto, sen ofrecer outro tipo de actos coas que se completan todas as persoas..